



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: CONVOCATORIA DAS PERSOAS TITULARES DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS NA <<EXPROPIACIÓN URBANÍSTICA POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DO SISTEMA VIARIO NO NÚCLEO DE PEDROSO (PADRÓN)>> AO ACTO DE PAGAMENTO E DE FORMALIZACIÓN DAS ACTAS DE OCUPACIÓN DAS FINCAS.

En cumprimento do establecido no artigo 49 do Decreto do 26 de abril do 1957 polo que se aproba o Regulamento da lei de expropiación forzosa, faise público que por Decreto do señor Alcalde número 418/2025, do 21 de maio, acordouse:

«**Primeiro.** Convocar ás persoas que se sinalan a continuación, nos días e horas que se indican, en calidade de persoas titulares dos bens e dereitos afectados pola expropiación urbanística polo procedemento de taxación conxunta para a execución do sistema viario no núcleo de Pedroso (Padrón) para os efectos de realizar o pagamento da valoración aprobada, sen prexuízo do que resulte do procedemento para a fixación definitiva do xusto prezo que se tramita no Xurado de Expropiación de Galicia, e a formalización posterior da acta de ocupación da finca:

Finca num.	Referencia catastral	Titular/es	Lugar	Día	Hora
1	15066B506055430001GQ	José Luis Grela Rial	Salón de Sesións da Casa do Concello de Padrón, rúa Longa, 27, 1º pranta, Padrón.	18/06/2025	10:00

Segundo. As persoas titulares dos bens e dereitos afectados deberán comparecer ao acto co documento acreditativo da súa identidade (DNI, NIE, Pasaporte, etc) e dos documentos acreditativos da titularidade da finca ou fincas afectadas pola expropiación.

Terceiro. O pagamento realizarase mediante talón nominativo ao expropiado, ou ben, por transferencia bancaria previa petición da persoa interesada ao respecto e achegando documento acreditativo do número de conta bancaria (IBAN).

Para o suposto de que algunha das persoas expropiadas non se persone ao acto ou rexeite recibir o prezo consignarase o xustoprezo na Caixa Xeral de Depósitos.

Cuarto. Realizado o pagamento ou consignado na Caixa Xeral de Depósitos procederase a formalizar a acta de ocupación.

Quinto. Convocar igualmente ao acto á persoa representante da Intervención Municipal e designar representante do Concello de Padrón como perito titular a dona Beatriz Blanco Lois, enxeñeira técnica agrícola colexiada 1.909, e como perito suplente a don Isidro López Yáñez, arquitecto colexiado 2.261, ambos de Estudio Técnico Gallego SA.

Sexto. Facer pública a presente resolución mediante a inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e notificala a todas as persoas interesadas, coa indicación de que non pon fin á vía administrativa, sen prexuízo de formular as alegacións que estimen pertinentes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.»

Padrón, 23 de maio do 2025

O Alcalde

Asdo. Anxo Rei Arca